

## Dous libros sobre déveda ecolóxica

O concepto de déveda ecolóxica nasceu a começos dos anos 1990. Utilizado por vez primeira polo Instituto de Ecología Política de Chile num documento sobre a produçom de CFC, nom demorou em fazer parte -ligado ao assunto da déveda externa- dun documento marco aprobado polos grupos ecologistas participantes nas reunions alternativas à Cimeira da Terra, Rio 1992.

Unha resenha de Xosé Maria Garcia.

CDE, ODG (2003): Deuda ecolóxica ¿Quién debe a quién? Icaria, Barcelona, 69 págs.

Deuda ecolóxica ¿Quién debe a quién? é um livrinho redactado polo Colectivo de Difusión de la Deuda Ecolóxica do ODG .(Observatorio de la Deuda en la Globalización) e publicado na colecçom contrargumentos, de Icaria. Apresentado por Joan Martínez Alier, achega-nos dum modo mui singelo à déveda ecolóxica em forma de déveda de carbono, biopirataria, passivos ambientais e resíduos, aliás de abordar a relaçom entre a déveda externa e a déveda ecolóxica, e fai-no achegando um pequeno glossário, bibliografía e ligaçons web coas que ampliar informaçom.

Miquel Ortega Cerdà (c) (2005): La deuda ecolóxica española. Impactos sociales y ambientales de la economía española en el exterior Muñoz Moya, Sevilla, 142 págs.

La deuda ecolóxica española, tamém apresentada por Martinez Alier, é umha publicaçom coordenada por Miquel Ortega Cerdá, fruto do traballo dum conjunto de pessoas vinculadas ao mundo universitário e a diversas organizaçons, campanhas e movimientos sociais, mas nom apresentada como umha compilaçom de artigos. Publicado por Muñoz Moya, La deuda ecolóxica española analiza as bases económicas da déveda ecolóxica recorrendo à análise de casos, tanto de produtos importados como de actuaçons de transnacionais de matriz espanhola, sem esquecer as emissoes de CO2.

O livro coordenado por Miquel Ortega relaciona a déveda ecolóxica coa mochila ecolóxica, a pegada ecolóxica e a soberania alimentar, contrapo-na à déveda externa ilegítima e achega alternativas para caminhar cara umha sociedade livre de dévedas e mais respeitosa co ambiente, propostas das que já advertem que supõem importantes cámbios que requerem um amplo apoio social.